

Pallares *dixital*

Revista do CPI Tino Grandío – Guntín – Lugo

Nova época - Ano XX - Nº20



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

ÍNDICE	
ATA SEMPRE	3
PLURINFANTIL.....	5
PEQUES GUNTÍN.....	8
APRENDEMOS XOGANDO_1º EP	11
EXPERIENCIAS, TRABALLOS E MURAIS AO LONGO DO CURSO	14
OS ARTISTAS DE 3º DE PRIMARIA.....	17
OS TRUCOS DA TELEVISIÓN	18
QUERES COÑECER O LUGAR ONDE VIVIMOS?	20
VILAMAIOR DE NEGRAL	20
GRAZÓS	20
SANTA MARÍA DE ZOLLE	21
GOMELLE (SANTIAGO)	21
GUNTÍN DE PALLARES	22
SAN CIBRAO DE MONTE DE MEDA	22
VILAMEÁ (San Martiño)	23
BIBLIOGRAFÍA:.....	23
XELA ARIAS CASTAÑO.....	24
BIOGRAFÍA:	24
OBRAS	24
Narrativa	24
Poesía.....	24
Traducións.....	25
Colectivas	25
INFORMACIÓN	25
PANDEMIAS	26
XORNADA DE CIENCIA NO CAMIÑO	28
INTERVIEW TO HIMANI KAMRA	30

ATA SEMPRE

Teresa García Crecente

Resulta ben difícil pechar unha porta que leva 24 anos aberta. A primeira intención é irse caladiña, pola sombra... pero paréceme que merecedes unha despedida, un agradecemento público, un berro alto de gratitude. Sería moi inxusto, pola miña parte, non darvos as grazas de todo corazón.

En Guntín, e neste Centro educativo, sempre, dende o primeiro día, sentínme acollida, querida, respectada e, tamén é certo, tentei de facer o meu traballo coa mellor das intencións; entregada á tarefa de contribuír, na medida das miñas posibilidades, a facer do noso Centro un lugar de convivencia, a facer dos nosos nenos e nenas boas persoas, axudalas a medrar, empuxando cara enriba, tentei ser xusta e coherente, tentei de facer de todos nós unha comunidade cun fin común: "educar aos nosos alumnos" e mirade que digo "educar".



Un mestre ten a obriga de mostrar o camiño ou os camiños posibles a seguir na longa escola que é a vida; un mestre debe ensinar co seu exemplo, debe ser un posible modelo a imitar; non é tan importante o que ensina como o xeito de facelo, de como facelo. Saber cal é o punto que delimita a confianza e o respecto, saber escoitar, tomar decisións, descubrir as habilidades de cada quen... son cousas que non se estudan, vanse aprendendo. En fin, aprendendo canda vós.

Só espero e desexo que vos acordedes de min con cariño, eu, desde logo, nunca vos esqueceré, sobre todo aos nenos e nenas dos que tanto aprendín, das familias que depositaron a súa confianza e sempre tiveron en conta as miñas opinións, suxestións e accións, ás veces difíciles de comprender e de compartir.

Dicirvos que se en Pol nacín e medrei, onde coñezo o nome dos pobos, das parroquias, das casas e de moitas persoas que me quixeron e quixen, en Guntín tamén medrei, crecín non só profesionalmente senón tamén como persoa e de Guntín tamén coñezo as parroquias, os pobos, os nomes de moitas casas e, sobre todo, os nomes de moitas persoas as que quero e que me queren, ás que coidei e me coidaron.

Tedes que saber que sodes un pobo marabilloso, acolledor, próximo, e para min sempre será o lugar onde desenvolvín un traballo que me enche de orgullo e satisfacción.

Voume porque me teño que ir, voume coa sensación do traballo ben feito, de antepoñer a miña escola, moitas das veces, ás miñas cousas. Chea de sabores doces, deses abrazos sinceros que só saben dar os máis cativos. Chea de orgullo deses alumnos que pasaron polo Centro, algún deles hoxe son xa pais ou nais dos novos nenos que habitan o mesmo espazo.

Voume a coidar dos meus, que xa lles toca, pero sempre me teredes, xa o sabedes.

Gustaríame abrazarme a cada un de vós pero fáltame valor.

Grazas por todo, pecho esta porta para abrir outra.


PLURINFANTIL

Alumnado e profesorado de educación infantil

Os peques de EI acercámonos á lingua inglesa a través da metodoloxía *Total Physical Response (TPR)* ou Resposta Física Total, que consiste en recrear situacións e contextos nos que o alumnado teña que responder actuando, e na Teoría da Voz Xeradora, que pretende unha aprendizaxe vivencial e natural. É dicir, non buscamos que os nenos e nenas aprendan



inglés, senón que aprendan EN inglés, polo que apostamos pola inmersión lingüística na propia aula, o que favorece o proceso denominado “switching process” (o cambio natural dunha lingua a outra, en lugar da tradución do galego ao inglés).



Para iso, contamos coa axuda da nosa auxiliar de conversa, Himani, coa que, de forma natural, aprendemos diferente vocabulario en inglés a partir de:

Contos e cancións



Celebracións de conmemoracións e outras festividades da cultura anglosaxona.



E, sobre todo, moitos xogos. Tanto motores como con flashcards.



Porque como mellor se aprende e xogando é divertíndose.

PEQUES GUNTÍN

Profesorado e alumnado de educación infantil

As nenas e nenos de Educación Infantil soubemos sacarlle o máximo partido a este curso tan atípico pero tamén tan especial.

Pasándoo moi ben con numerosos concertos e espectáculos



Do noso patio de EI, co parque infantil e a nova cabana de vimbio, a proposta de Lola Tourón. Todo un acerto!



Celebrando o día das Letras Galegas “Xela Arias” 2021, cun obradoiro de teatro por parte de **Curuxan**, no cal participou tamén a profe Paula.





E como non podía ser doutro xeito, ata nos animamos a participar nun concurso en Lingua de signos, aí vai a proba!



APRENDEMOS XOGANDO_1º EP

Alumnado de 1º de educación primaria

Este curso foi algo diferente e non puidemos facer todas as actividades en equipo que nos gustaría pero iso non quere dicir que non o pasamos ben. Ao contrario, na clase de 1º pasamos momentos moi entretidos aprendendo unha chea de cousas.



Todos os xoves fixemos xogos por quendas. Fomos rotando as actividades para que todos puidésemos participar en todas elas. Pintura, construcións, xogos de atención, contos, taller mecánico, encerado...





Cada un de nós tivemos material propio na nosa mesa, como plastilina, un tangram ou as regretas.



Pero non todo ía ser estar sentados...

Entre os xogos que máis nos gustaron estiveron aqueles que nos permitiron movernos un pouco máis. Por exemplo, actividades cunha simple bola de papel






como encestala nun tubo, lanzala o máis lonxe posible, golpeala o máis alto posible, levantala na palma da man o maior número de veces, etc.

Ou os percorridos nun circuío polo chan facendo equilibrio ou pasando unha bola ou unha chapa cos pés ou cos dedos.

Vaia, que este curso, aínda que foi algo diferente, aproveitámolo moi ben e, sobre todo, pasámolo XENIAL!!



EXPERIENCIAS, TRABALLOS E MURAIAS AO LONGO DO CURSO

Alumnado de 2º de educación primaria



Animación á lectura



Terrario autosuficiente




Na clase de segundo de primaria fixemos moitas actividades: animación á lectura, un terrario autosuficiente, murais e conmemoracións para traballar: o outono, o Samaín, A violencia de Xénero, Nadal, A Paz, Entroido, Día de Rosalía, A Muller Traballadora, Letras Galegas....

Velaquí algunhas.



Samaín Terrorífico.




Día da violencia de Xénero



Piratas!!



Rosalía Pequeniña



O meu peixiño



As pitas



Comecocos para conmemorar a Xela



MURALS



OS ARTISTAS DE 3º DE PRIMARIA

Alumnado de 3º de primaria

Os meus e meus de terceiro
formamos un equipo sen igual,
a Maria quíotalle ler e a Ton cantar
A Naelia e Vía axudaranos demais!
A Edgar xogar ao fútbol e a Alba debucan
A Iago contar a alegría
a María, Carla e Lara... bailar!
e os profes traballar.
Por iso, malia a Covid, proxímalos vinde!



OS TRUCOS DA TELEVISIÓN

Alumnado de 4º de primaria

Este curso coñecemos unha técnica moi usada no cine: o “Chroma”. Consiste nunha tela verde que se coloca detrás dos actores e actrices e que despois, grazas a un programa informático, podemos substituír polo fondo que queiramos. Mirade esta escena da película “Avengers Endgame”, na que se ve como usan este sistema.



No noso caso, utilizamos esta tela verde para facer un telexornal no que os nosos reporteiros e reporteras “viaxaron” a lugares como Cantabria, Barcelona, Londres, Hungría ou incluso Xapón.



Antes da edición



Despois da edición




Para facer este xornal, primeiro nos dividimos en grupos de traballo. Logo, cada grupo empezou a pensar ideas para crear cadansúa nova. Uns elixiron falar

sobre animais, outros sobre videoxogos, deportes... Saíron unha morea de ideas xeniais!

Cando xa as tiñamos, comezamos a escribir os guións do que tiñamos que dicir cada un de nós. E unha vez feitos, a estudalos!

Levámolos para casa e, despois de moito estudar, chegou a hora dos ensaios para que todo saíra perfecto.



Con todo ben ensaiado, era o momento que todos e todas agardabamos: a gravación. Foi unha mañá moi divertida na que fomos interpretando os nosos papeis. Non todo saíu á primeira, pero iso fixo que nos riramos moito.

Finalmente, despois duns días, puidemos ver o resultado final do vídeo xa editado. Para nós foi unha gran experiencia que nos serviu para aprender algo novo e descubrir trucos do cine.



Pica nesta imaxe se queres ver o noso vídeo.

QUERES COÑECER O LUGAR ONDE VIVIMOS?

Alumnado de 5º de educación primaria

VILAMAIOR DE NEGRAL

Chámome Nerea e vou a presentar a parroquia máis occidental do termo municipal. Limita cos concellos de Friol e Palas de Rei e ten unha extensión de aproximadamente 9,5 Km² e preto de cen habitantes. A súa densidade de poboación é das máis baixas do municipio.

Eclesiasticamente encádrase no arciprestado de Ferreira de Gomelle.

Eu vivo nesta parroquia en concreto na aldea de Negral. O nome de Negral está relacionado coa cor destas terras. Prové do adxectivo latino “nigrale”, derivado de “niger”, negro. A primeira referencia histórica atopámola no ano 572.



Igrexa de San Lourenzo de Vilamaior de Negral

GRAZÓS

Somos os irmáns Raúl e Íker López e vivimos na aldea de Grazós que aínda conserva a vella escola da parroquia. Este lugar, con cinco casas ten a súa etimoloxía na forma de xenitivo “Grationis”. Como noutros casos similares, estaríamos diante dun antigo posuidor ou repobador destas terras.



Igrexa de San Salvador de Castelo de Pallares

Grazós pertence á parroquia de Castelo de Pallares e ten unha extensión aproximada de 8,1 km² e pertence ó arciprestado de Ferreira de Gomelle.

A poboación desta parroquia ascende aproximadamente a uns cento cincuenta habitantes repartidos nos lugares de Alvarín, Cabanas, Castelo Grande, Castelo Pequeno, o noso Grazós, Mirío, San Martiño e San Xillao.

SANTA MARÍA DE ZOLLE

O meu nome é Samuel e vou a escribir sobre a parroquia de Zolle que conta cunha extensión de aproximadamente de 5,3 Km². Eclesiasticamente é anexa de Castelo, e pertence ó arciprestado de Ferreira de Gomelle. Os seus habitantes, cento dez no ano 2003, distribúense nos lugares de Fontao, Vigo, Zolle e Zaíde:

- **Fontao** é a aldea máis pequena da freguesía.
- **Zolle** é a aldea que dá nome á parroquia.
- **Zaíde** é a miña aldea, vén do árabe Zaída que significa “o que medra”.
- **Vigo** con topónimo con orixe latino *vicu* que fai referencia a un centro de poboación importante.



Cruceiro en Zolle

GOMELLE (SANTIAGO)

Somos Aarón e Íker Pena e imos escribir sobre o lugar onde vivimos, Gomelle. A parroquia de Gomelle esta situada na parte septentrional do termo municipal. Ten unha extensión aproximada de 5,6 km.

A primeira referencia que existe data de 1161 e debeu formar parte das dez igrexas que ampliaron o couto de Lugo confirmadas polo papa en 1170.

No ano 1254 aparece coa terminoloxía “Gomaelle”, “Gomeele”, “Gomeyle.”

Parece seguro que a súa orixe está no antropónimo gótico *Guma* ‘home’, que aparece rexistrado a principios do século X.

A evolución foi:

Gum(a)elli >*Gomaelle*>*Gomeelle* e ao final Gomelle. No século XV aínda se lee *Gomeelle* en distintos documentos da catedral de Lugo.



Muiño Casa Grande



Castiñeiro do campo da festa con máis de 90 anos



Cruceiro da igrexa de Santiago de Gomelle

GUNTÍN DE PALLARES

O meu nome é Saira e vivo en Guntín de Pallares que é a capital do termo municipal. Con anterioridade ao ano 1840 o concello estaba en Ferreira de Pallares.

A terminación do topónimo indica que estamos ante o nome do propietario dunha antiga facenda medieval co nome xermánico de *Guntin*



Parque infantil do Concello de Guntín

SAN CIBRAO DE MONTE DE MEDA

Somos Cristian e Sara e imos a falar da parroquia de San Cibrao de Monte de Meda que como o seu nome indica sitúase arredor do Monte Meda.

A nosa aldea chámase San Cibrao e ocupa unha extensión de 3,7 km². No ano 2003 tiña unha poboación duns 50 habitantes. Pertence ó arciprestado de Ferreira de Gomelle.

Os primeiros datos dos que dispoñemos sobre á parroquia de San Cibrao datan de 1161, ano no que Fernando II cita a *uilla Sancti Cipriani*.

A orixe do topónimo, procedente do latín *Cyprianu*, nome ético formado a partir do adxectivo *cyprius* de Chipre precedido do adxectivo *sanctu*.



VILAMEÁ (San Martiño)

Somos Lucía e Joel e decidimos escribir sobre Vilameá porque alí se atopa a aldea de Lucía, O Carballo. O nome deste lugar procede da voz prerromana *carba* “matogueira”. Esta orixe parece confirmarse nun diploma de Sobrado de 1193. Na documentación da catedral lucense figura, así mesmo, a aldea de *Carvalio* en 1195.



Igrexa de San Martiño de Vilameá

A parroquia de Vilameá ten unha superficie aproximada de 515 hectáreas, inclúe as antigas freguesías de Trastulfe e Pradedo. No ano 2003 tiña aproximadamente 85 habitantes distribuídos nos lugares de Albaredo, O Carballo, Pradedo de Arriba e de Abaixo, Trastulfe e Vilameá. A súa procedencia está no substantivo latino *villa* seguido do determinativo *mediana*=Villamediana.

BIBLIOGRAFÍA:

Vázquez García, Carlos. (2003). *Toponimia de Guntín de Pallares*. Concello de Guntín de Pallares.

XELA ARIAS CASTAÑO

Noel Osorio López e Noel Vázquez Vilela de 3º ESO

BIOGRAFÍA:

Xela Arias Casta naceu en Sarria (Lugo) en 1962 co nome de María de los Ángeles. Foi Fillla de Amparo Castaño López e de Valentín Arias López, que tamén foi escritor e tradutor. En 1984 María de los Ángeles pasou a ser María dos Anxos, e desde os seis anos chamáronlle Xela. Finalmente, en 1995 autorizáronlle o cambio de nome polo de Xela.

Ata os 7 anos estudou na Granxa de Barreiros, cunha orientación agraria e de integración da cultura galega cos ciclos da natureza. Posteriormente trasladouse a Vigo coa súa familia, ingresando no Instituto Castelao. Deixou os estudos cando cursaba COU, para comezar a traballar en Edicións Xerais de Galicia no ano da súa creación en 1979, canda Xulián Maure Rivas e Roberto Pérez Pardo. Primeiro realizou traballos de oficinista, despois de creación e investigación e entre 1990 e 1996 como correctora de estilo e editora.

En 1991 retomou os estudos, cursando Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo, licenciándose en 1996 pola Universidade de Santiago de Compostela, e iniciando a especialidade en galego-portugués. En 1992 casou co fotógrafo e matemático Xulio Gil Rodríguez, con quen tivo en 1994 o seu único fillo, Darío.

En 1999-2000 comezou a exercer como profesora substituta de ensinanza secundaria, de Lingua e literatura castelá. En anos seguintes foi docente nalgúns concellos de Galicia. En novembro do ano 2003, Xela Arias faleceu aos 41 anos nun hospital de Vigo debido a un ataque cardíaco.



OBRAS

Narrativa

- *Non te amola!*, publicado en 2021 con 7 ilustracións de Bea Gregores e editado polo Consello da Cultura Galega.
- *Non te amola!*, publicado en 2021 con ilustracións de Luz Beloso, na colección Libros para Compartir de Galaxia.

Poesía

- *Denuncia do equilibrio (1986)*, Edicións Xerais de Galicia.

- *Lili sen pistolas* (1986, obra inédita).
- *Tigres coma cabalos* (1990), Xerais; con fotos de Xulio Gil.
- *Darío a diario* (1996), Edicións Xerais de Galicia.
- *Intempériome* (xullo de 2003), Espiral Maior.



lavozdegalicia.es

Traducións

- Do castelán (*Cabalum*): *Caballum*, de Carlos Oroza (1983).
- Do portugués (*Amor de Perdição*): *Amor de perdicón*, de Camilo Castelo Branco (1986, Xerais)
- Do italiano (*Favole al telefono*): *Contos ó teléfono*, de Gianni Rodari (1986, Editorial Juventud).
- Do portugués (*O Gato Malhado e a Andorinha Sinhá*): *O Gato Gaiado e a Andoriña Señá: Unha Historia de Amor*, de Jorge Amado (1986, Xerais).

Colectivas

- "A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopárdica" (1974) en *Contos dos nenos galegos*, premiados nos concursos nacionais de contos infantís convocados pola Agrupación Cultural O Facho, 1968-1983 (1984, Caixa Galicia).
- *Escolma de poesía galega (1976-1984)* de Xosé Lois García Fernández, ed. (1984, Sotelo Blanco Edicións).
- "Que si, que si" en *Contos eróticos. Elas* (1990, Edicións Xerais de Galicia).

INFORMACIÓN

- https://gl.wikipedia.org/wiki/Xela_Arias
- https://www.google.com/url?sa=i&url=https%3A%2F%2Fwww.noticiasgalicia.com%2Farticulo%2Fgalicia%2F1a-poeta-xela-arias-sera-la-autora-homenajead-a-en-las-letras-galegas-de-2021%2F20201222204020116015.html&psig=AOvVaw2wR4Ipr_iGbFGG5DsXNyR&ust=1622368943772000&source=images&cd=vfe&ved=0CAIQjRxqFwoTCJCs08fR7vACFQAAAAAdAAAAABAD

PANDEMIAS

Amparo Veiga Vila

Estamos a piques de rematar o curso máis estraño que puidéramos imaxinar, sen poder tocarnos, illados en burbullas, mollándonos os días de chuvia nas aulas e pasando frío. Este foi o noso ano de pandemia,

Unha pandemia consiste nunha enfermidade infecciosa que se propaga a un número moi elevado da poboación e afecta incluso a nivel mundial, como é o caso da actual.

Non é a primeira nin será a última que afecte á humanidade.

Entre 1346 e 1353 Europa viuse afectada pola **peste negra**, unha enfermidade causada pola bacteria *Yersinia pestis*, que se transmitiu entre as ratas a través das pulgas e, posteriormente, aos seres humanos.

Calcúlase que a poboación europea pasou dos 80 aos 39 millóns de habitantes e na península ibérica morreu algo máis do 50% da poboación.



A **variola**, causada por un virus, tiña unha taxa de mortalidade do 30% e foi a causa da morte dunha gran cantidade de indíxenas americanos, aos cales chegou a través dos conquistadores europeos.

En 1796 Edward Jenner iniciou os ensaios dunha vacina que conseguiría erradicar a a enfermidade en 1977.

A primeira vacina consistía en inocular ás persoas coa variante da enfermidade que afectaba ao gando bovino, para así inducir a resposta inmune en humanos contra a variante que os afectaba.

No século XVIII acabou coa vida de 60 millóns de persoas en Europa.

A expedición Balmis (1803-1806) levou a vacina a América e Asia, partindo do porto da Coruña nun barco con 22 nenos da casa de orfos da Coruña, os cales actuaban como vía de transporte do soro que, de outra forma, non se conservaría, xa que non existían os conxeladores.

Na prensa da época dicíase: “sendo sucesivamente inoculados brazo a brazo no curso da navegación, conservará o fluído vacún fresco e sen alteración”.

Gripe española.

En 1918 rexistrouse o primeiro caso en EE.UU.

Ten unha taxa de mortalidade entre o 10 e o 20%. Pénsase que causou entre 20 e 50 millóns de vítimas mundiais pero os datos son pouco precisos por coincidir coa Primeira Guerra Mundial. Como curiosidade, nas imaxes da época xa se poden ver persoas con máscara.

VIH (SIDA)

O virus da inmunodeficiencia humana causa unha enfermidade mortal e incurable coñecida como Síndrome da Inmunodeficiencia Adquirida (tamén existe en simios o VIS) que invalida a resposta inmune do enfermo ante calquera infección, aínda que sexa leve en condicións normais.

Os primeiros casos documentáronse en 1981 en EEUU pero na actualidade sábese que o virus xa estaba presente en humanos en África en 1908 (*Contagio, la evolución de las pandemias*. David Quammen)

Causou ata o momento uns 34,7 millóns de vítimas (www.unaids.org)

COVID-19, así se coñece a enfermidade que causa a pandemia na cal nos atopamos inmersos.




Está causada por un tipo de coronavirus ao que se lle chama SARS-CoV-2 .

Os coronavirus son en xeral un tipo de virus causantes de diversas enfermidades en animais e en humanos. Os morcegos de certas zonas do mundo teñen diversos tipos de coronavirus que non lles causan problemas de saúde especialmente graves pero que poden pasalos a outros animais e de estes ó ser humano. O paso de enfermidades de animais a humanos recibe o nome de zoonose e é relativamente frecuente.

No mes de maio reportáronse uns 3,7 millóns de mortos por esta enfermidade no mundo.

A taxa de mortalidade pode roldar o 5%.

A continuación tedes algúns libros recomendables para comprender ás pandemias.



Quero dar a grazas a profesores, alumnos e persoal non docente do centro polo esforzo e colaboración que nos permitiron superar o reto de rematar o curso sen incidencias salientables.

XORNADA DE CIENCIA NO CAMIÑO

Alumnado de 1º e 2º de ESO e Amparo Veiga Vila

O Programa Xuvenciencia do Campus Terra da USC ten como obxectivo achegar a ciencia aos alumnos de educación primaria e secundaria, coa finalidade de fomentar as vocacións científicas.

Neste curso colaboraron nun proxecto dirixido a concellos relacionados coas rutas xacobeas (A Coruña, Lugo, Guntín, Ribadavia, A Fonsagrada, Vimianzo, Fisterra, Carnota e Folgoso do Courel)

No noso centro os alumnos de 5º e 6º de primaria fixeron unha práctica de obtención de ADN do chícharo.

En 1º da ESO comprobaron as aplicacións da fibra óptica nas comunicacións, deseñando eles mesmos un código para transmitir información a distancia.



Outra das prácticas consistiu na demostración de como é posible determinar o contido en proteínas no leite, usando fotometría (a proteína ao combinarse con uns reactivos forma un composto coloreado, canto maior é a cantidade de proteína, máis intensa é a cor)

En 2º da ESO aprenderon en que consiste unha PCR.

Soe identificarse a PCR co hisopo usado para tomar as mostras da mucosa nasal, para determinar a presenza do coronavirus causante da pandemia que padecemos. Nada máis equivocado.

PCR significa Reacción en Cadea da Polimerasa e é unha técnica que se usa para obter billóns de copias dun fragmento de material xenético dun ser vivo para a súa identificación.

Esta técnica permite descubrir a presenza de virus ou bacterias pero tamén se usa para identificar un cadáver, nas probas de paternidade ou para determinar por exemplo se un alimento como a carne pertence a unha determinada especie animal (porco, vaca, etc.)



Material empregado na práctica

A práctica realizada polos alumnos de 2º trataba de averiguar a especie animal á que correspondía unha mostra de carne

O primeiro foi obter o ADN da mostra de carne



PCR *Objetivo: conseguir muchas copias de ADN para poder detecta*

	EXPLICACIÓN	CANTIDAD
✓ ADN	Muestra diana	8 gotas
H ₂ O	Completar la reacción	3 gotas
BUFFER / TAMPÓN	Medio en el que ocurre la reacción	3 gotas
TAQ p	enzima ADN polimerasa, encargada de hacer copias)	1 gota
MAGNESIO	Favorece el funcionamiento de la polimerasa	1 gota
Ladeálitos → A, T, G, C	(nucleótidos libres)	3 gotas
Primeros / cebadores (P)	(secuencias complementarias a la región de ADN de interés)	1 gota de cada uno

TERMOCI (control tem



O material xenético obtido é tratado cos reactivos axeitados (nucleótidos e enzimas) para que o ADN se replique.

O proceso remata cando as mostras son sometidas a ciclos de quecemento e arrefriamento para lograr as copias do material xenético que, posteriormente, se pode identificar co equipo de detección axeitado. Son necesarias algunhas horas para completar a análise.

Foi unha mañá na que aprendemos moito e que rematou coa presenza dun equipo da TVE que nos gravou para o informativo territorial.

INTERVIEW TO HIMANI KAMRA

Alumnado de 3º e 4º de ESO

4ºB de ESO

- **What's your name?** My name is Himani
- **Are there many differences between Indian and Spanish houses?** No, they are more or less the same.
- **What is different between Indian and Spanish streets?** In India you can see cows in the streets.
- **What is your favourite sport in India?** My favourite sport in India is cricket.
- **What is your favourite festivity? Why?** Holi, because it's colourful and lively.
- **Would you like to get married in the future?** Maybe I don't know yet
- **Are people's mentalities different in India?** Yes, people in India are a little orthodox.
- **Did you do any sport in India?** Yes, I played basketball and volleyball at school.
- **Which monument is the most famous in India?** It is called Taj Mahal.
- **How do you feel about being away from your country for so long?** I feel sad because I miss my family.



4ºA de ESO



- **What is your favourite football team?** My favourite football Team is Arsenal.
- **Is there a big social difference between India and Spain?** Yes, I think there are some social differences between these two countries.
- **What is your favourite book?** I don't have a favourite book, but I really like *The Alchemist*.
- **In India, are stereotypes very present in society? Yes, they are. More or less that in Spain? More or less the same. Can you give me an example?** One example is it is thought that Punjabis (=people who live in Punjab) are very loud.
- **What do you like to do in your free time?** Painting and drawing.
- **Do you prefer Indian food or Spanish food?** Indian food.

3ºA de ESO

- **Which types of music do you like?** I enjoy all types of music, but my favourite is pop.
- **What is your favourite place in Spain and why?** It's Galicia, Lugo to be specific because I have been here for almost two years.
- **What is your favourite sport in Spain?** My favourite sport in Spain is football.
- **When you go to India what will you do first?** Apart from seeing my family, eating a lot of Indian food.
- **What is your favourite place in India and why?** The North-East because it is very calm, green and beautiful.
- **Have you got any pets?** Yes, I have two dogs.
- **What is your favourite Spanish food?** My favourite Spanish food is tortilla.
- **Do you talk with your family every day?** Yes, I talk every day.
- **What is your favourite festivity in Spain?** It's San Froilán, because I didn't have the chance to attend other festivities.
- **What was more difficult to leave in your country?** It was most definitely my family.



3ºB de ESO



- **Have you got a bicycle?** Yes, I have one, a normal bicycle.
- **What type?** Yes, I have one, a normal bicycle.
- **What was the most difficult experience of your life?** When I started getting anxiety attacks.
- **Is it the same time zone in India?** No, there is a difference of 3.5 hours. India is ahead.
- **Have you got any cows?** No, I haven't.
- **Which place would you like to visit?** I'd like to visit many places but Italy is the first on the list.
- **Have you got a car?** Yes, I have one but it's in India.
- **What do you like best in this school?** I really like the people here. They are very helpful and welcoming.

Who is your favourite cricket player? Virar Kholi.



Francisco López Varela



Celia Alonso Rodríguez



Brais Darriba Fernández



David Fernández de Alcántara



Silvia Fernández López



Naiala Rodríguez Joaquín



Sergio Rodríguez Pérez




Alejandro Romay Carreira



Verónica Vega Gómez

Ed. primaria Curso 2020-2021



Alejandro Ares Vázquez



David Díaz López



Andrea Díaz Troncia



Xoán Fernández Calvo



Alejandro Balado Fraga



Lorena Castro San Pedro



Érika Gandoy López



Patricia Gandoy López



Alejandro González Lovelle



José Luis Núñez Vázquez



Syra Valela García



Daniel Vidal Devesa

ESO 2020-2021



Nerea Novo Castro



Jorge Paz Bao



Alba Prado Gandoy



Mª Jesús Andrade



Ana Arias



Maite Asorey



Carmen Begide



Blanca Bermúdez



Carmen Blanco



Jaime Bordonaba



Iván Capeáns



Silvia Carballido



Claudia Rodríguez Santoalla



Óscar Saavedra Martínez



Aurelia Díez



Rosario Fernández



Teresa García



Himani Kamra



Adrián Laureda



Ana Ónega



Jesús Otero



Lara Ouvia



Doris Peiró



David Pérez



Mª Pilar Quiroga



Félix Rodríguez



J. Alberto Rodríguez



Marta Rodríguez



Concepción Sanfiz



Consuelo Santiso



Ignacio Tabosda



Juanjo Varela



Carlos Vázquez



Amparo Veiga



Cecilia Suárez Andreu